

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

15847 *Real decreto 1076/2017, do 29 de decembro, polo que se establecen normas complementarias ao Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, en relación coa explotación das autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor.*

A obtención dun número significativo de novas autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor nun curto espazo de tempo por un número relativamente reducido de persoas está a propiciar un forte movemento en que tales autorizacións se converten en obxecto de comercio tan axiña como son expedidas pola Administración.

Preténdese evitar que tales autorizacións, cuxo outorgamento se encontra regulamentariamente limitado, sexan solicitadas co único e exclusivo obxecto de comerciar con elas e non de explotalas atendendo a unha demanda de transporte, que é o fin último para o que son outorgadas pola Administración.

Por outra parte, trátase de facilitar o control efectivo da obriga sinalada no artigo 182.5 do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, para que os vehículos adscritos ás autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor deban ser utilizados habitualmente para atender necesidades relacionadas co territorio da comunidade autónoma en que se encontre domiciliada a autorización.

Para tal efecto, establécense aquelas medidas que, sen menoscabo da súa eficacia para os fins perseguidos, se consideraron menos restritivas.

A elaboración da norma foi o resultado dun forte proceso participativo no cal se cumpriron os trámites de consulta previa, audiencia e información pública, para o que se solicitou, entre outras, a opinión do Comité Nacional do Transporte por Estrada, no cal se integran todas as organizacións do sector que acreditaron unha representatividade suficiente ante a Administración, así como das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla.

Todo o exposto é acorde cos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado, e logo deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de decembro de 2017,

DISPONGO:

Artigo 1. *Transmisión das autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor.*

As autorizacións habilitantes para o arrendamento de vehículos de turismo con condutor non poderán ser transmitidas ata que transcorran dous anos desde a súa expedición orixinal polo órgano competente en materia de transporte terrestre, salvo nos supostos de transmisión a favor de herdeiros nos casos de morte, xubilación por idade ou incapacidade física ou legal do seu titular.

O vehículo a que se deba adscribir a autorización transmitida deberá cumprir, en todo caso, as condicións técnicas sinaladas no artigo 181.2 do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro.

Artigo 2. *Medidas de control.*

Para os efectos de control, os titulares de autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor deberán comunicar á Administración, por vía electrónica, os datos sinalados no artigo 24 da Orde FOM/36/2008, do 9 de xaneiro, pola que se desenvolve a sección segunda do capítulo IV do título V do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, antes do inicio de cada servizo que realicen ao abeiro das devanditas autorizacións.

Con este fin, a Dirección Xeral de Transporte Terrestre habilitará un rexistro de comunicacións dos servizos de arrendamento de vehículos con condutor ao cal os titulares das autorizacións deberán dirixir as súas comunicacións.

Disposición transitoria única. *Comunicacións á Administración.*

Os titulares de autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor deberán comezar a dirixir á Administración as comunicacións a que fai referencia o artigo 2 deste real decreto unha vez que se encuentre operativa a aplicación informática de xestión do rexistro das devanditas comunicacións, o que deberá ser anunciado pola Dirección Xeral de Transporte Terrestre.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias que atribúe ao Estado o artigo 149.1.21.^a da Constitución en materia de transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación legal.*

O disposto neste real decreto dítase ao abeiro da habilitación legal contida na disposición adicional sétima da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de decembro de 2017.

FELIPE R.

O ministro de Fomento,
ÍÑIGO JOAQUÍN DE LA SERNA HERNÁIZ